

COMUNICADO:

As representantes do Consello Municipal da muller queremos amosar a nosa repulsa e a nosa indignación contra o exconcelleiro Jorge Caldas do concello de Moraña polos comentarios de índole sexista contra a Presidenta da Deputación Carmela Silva.

A este exconcelleiro, ademais responsable da área de Igualdade, lle faltaron argumentos políticos de altura e recurriu ó insulto machista.

Como mulleres comprometidas co feminismo, non podemos pasar por alto estes feitos tan graves, xa que faríamos a banalización do que é unha agresión machista, compartida pola Sra Alcaldesa dese concello.

Nestes tempos, onde é maior a participación das mulleres no espazo público estamos asistindo como nos diferentes ámbitos xorden os insultos e mofas machistas cara as mulleres, descalificacións baseadas no aspecto físico ou idade, non nas súas capacidades negociadoras nin na súa intelixencia. Estas actitudes o que pretenden é deslexitimarnos. É o desprezo absoluto cara nós.

Non debemos nin podemos baixar a garda contra a utilización da linguaxe machista, pois a pesares dos avances en igualdade de xénero seguimos nunha cultura patriarcal.

Non debemos consentir a normalización deste tipo de comentarios denigrantes e vexatorios.

As mulleres que fan política, e por extensión tódalas mulleres, deben valorarse polos seus acertos ou erros, polas súas xestións, igual que a dos homes, sen discriminacións.

O machismo non está superado e debemos insistir e continuar coas políticas de xénero.

Os descalificativos nas redes abundan e os artigos de prensa feitos por personaxes coñecidos coma Antonio Burgos, chamando feas ás mulleres deputadas non se poden permitir e non debemos toleralo. O insulto é unha clara manifestación de violencia machista.

As mulleres esiximos igualdade de trato porque na forma e no fondo isto nos afecta como persoas, debemos visibilizar e denunciar tódalas manifestacións sexistas.

Debemos plantarnos ante os agravios machistas, non permitir exhibicións de carteis nos campos de deporte. Non podemos deixar que se berre contra mulleres e aplaudir ó maltratador.

Cando alguén permite estas accións e non reacciona ante isto, estase perpetuando a violencia de xénero, favorecendo os estereotipos, e fomentando unha sociedade desigual, inxusta e patriarcal.

As mulleres representantes do Consello municipal queremos berrar alto e claro, queremos que se respecte a nosa dignidade e esiximos que se adopten responsabilidades hacia quenes utilizan este tipo de mensaxes.

Vigo, 5 de febreiro de 2016
CONSELLO MUNICIPAL DA MULLER DE VIGO